



MINICAMPAMENTOS CULTURAIS DE VERÁN DA BIBLIOTECA PÚBLICA ÁNXEL CASAL QUENDA: 22-30 XUÑO/ QUENDA 1-7 SETEMBRO 2026

A Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal organiza estes minicampamentos culturais de verán para ofrecer unha alternativa lúdica e de calidade ás pequenas e pequenos nas súas vacacións ao mesmo tempo que se axuda a conciliar ás familias na súa vida familiar e laboral. Terá lugar en dúas quendas: do 22 ao 30 de xuño e do 1 ao 7 de setembro e as actividades están pensadas e adaptadas para nenas e nenos de 4 a 12 anos, ámbalas dúas idades incluídas.

DESCRICIÓN DA PROGRAMACIÓN

Durante a primeira quenda de xuño tratarase como temática principal **"O conto da montaña"**, unha programación cultural orientada á lectura.

Na quenda do mes de setembro a temática principal levará como título **"Sen gaiolas"** e será unha programación adicada a coñecer a cultura da vila e da contorna. O último día levarase a cabo unha festa de fin de campamento.

A programación pode sufrir variacións debido a causas diversas (meteorolóxicas, de organización, ou calquera outra que favoreza unha mellor organización).

As xornadas dividíranse en dúas partes. Durante a primeira hora realizarase a recepción da cativada e as persoas responsables deberán ser puntuais na entrada. Ás 9.30h de cada xornada comezase coa primeira actividade. No caso do primeiro día de campamento, faremos xogos de presentación, favorecendo así o coñecemento e a convivencia do grupo.

Despois da primeira actividade, tódolos días terán o tempo de merenda e de lecer que, se o tempo acompaña, farase fóra da aula. A continuación levarase a cabo a segunda actividade programada do día.

Ás 13.30 horas, a rapazada empezará a prepararse para a saída que terá como hora límite as 14.30 horas. Cabe resaltar que as nais, pais ou persoas autorizadas poderán deixar/recoller á cativada fóra do horario establecido como recepción ou recollida sempre e cando avisen previamente ao monitorado. En ningún caso poderá excederse o horario de 8.30 a 14.30h

O campamento terá un contido cultural e a lingua vehicular do campamento cultural será o galego.

SUXESTIÓNS PARA AS FAMILIAS

A continuación detállase o que a cativada debe traer diariamente ao campamento:

- Roupas e calzado cómodos.
- Unha muda para imprevistos.
- Unha mochila coa merenda, botella de auga, gorra e crema solar para o sol...

TELÉFONOS DE INTERESE E DATOS DO MONITORADO

Coordinación campamento: 722 55 63 07

Monitora 1: Bárbara Penas Rey. Teléfono: 646 15 31 79

Monitora 2: Idara Pensado Pedreira. Teléfono: 666 84 69 02

Biblioteca Ánxel Casal: 881 999 401 **Para calquera consulta sobre a inscrición ou as listaxes definitivas débese contactar con este número.**

A NOSA EMPRESA

Osventos Innovación en Servizos S.L. está formada por un equipo de profesionais con ampla experiencia e de recoñecido prestixio, que orienta a prestación dos servizos cara á excelencia, a formación e o trato personalizado, como piares para lograr a consecución dos obxectivos.

Somos unha empresa con experiencia na prestación de diversos tipos de servizos para entidades e institucións públicas e privadas, tanto en España como no estranxeiro.

Na actualidade, xestionamos e coordinamos un amplo abanico de proxectos e actividades.